

Patecido a comer
chocolate
na casa do veciño:
entrar e zampar,
sen educación,
sen comentarios,
eliminar a fame,
a comechume,
os alios,
as cousas,
han de
ser o último.
Así de rápido
as ganas
de refrescarnos,
acariciar o corpo,
no local,
na bar,
onde toque.

Yahel
19/02

FAST FOOD

Igual que papear
 un bocata
 na barra do América:
 chegar e encher,
 sen acenos,
 sen palabras,
 matar as ganas,
 a comechume,
 os nomes,
 os detalles,
 han ser
 o de menos.
 Así de axiña
 a ansia
 de mollar:
 rozar cacha,
 na disco,
 no buga,
 onde pille.

Carlos Negro: *Makinaria*

labora un poema similar empregando as
 mesmas categorías gramaticais

O mesmo que beber
 unha copela
 na barra do Bar:
 beber e beber
 sen ganas,
 sen motivos,
 afogar as penas,
 a soledade,
 os problemas,
 os lixos,
 han ser o de
 o de menos.
 Así de rápido,
 as ganas de
 de papas:
 tocar leta,
 no cine,
 na casa,
 onde sexa.

FAST FOOD

Igual que papear
un bocata
na barra do América:
chegar e encher,
sen acenos,
sen palabras,
matar as ganas,
a comechume,
os nomes, —
os detalles, —
han ser —
o de menos. —
Así de axiña —
a ansia —
de mollar: —
rozar cacha, —
na disco, —
no bñga, —
onde pille.

Carlos Negro: *Makinaria*

Elabora un poema similar empregando as
mesmas categorías gramaticais

Idéntico ca ir
á praia
na area de Galicia:
deixarse e bañarse,
sen sociedade
coa natureza,
encherse de ilusión,
de felicidade,
as algas,
as ondas,
serán
o mellor.
Deste xeito rápido
as presas
de chegar:
estender a toalla,
na area,
nas rochas,
onde cadre.

O mesmo que comer
unha hamburguesa
no mostrador do Tâmesis,
estar alí e papear,
sen xestos,
nen palabras,
acabar coa incoherencia
a fame,
os sobrenomes,
as características
son o que non importa.
Así de rápidos
acabo co come come
coller cocho;
na festa,
no coche,
no lugar que se poida.

FAST FOOD.

Raquel Cabaco

Igual que comer
unha sesta
na cama da Almodena:
deitarse e soñar,
sen recordamentos,
sen conversacións,
matar a noite,
as presentacións
as palabras,
han ser
o de menos
Así de fácil
as ganas
de comer
coller a almofada,
na cama,
no coche
onde podes.

ESTUDIO.

Mellor que estudar
un libro
na mesa do Instituto &
buscar e atopar,
con miradas,
con sorrisos,
perder as medas,
o bulebole,
os bicos,
os abrazos,
han alcanzar
algo de máis.

Así de amado
es gandar
de xogar &
estar xuntas,
no xardín,
na praia,
onde poden.

Sara Franco Fereira

ÍERÓNICA GENNÓDIO NOIRÓN 1º BAC

Menos que pensar
ou soño
no mundo da fantasía;
ser e triunfar,
sen problemas,
sen inimigos,
aproveitar as oportunidades,
a posibilidade,
os desexos,
as ilusións,
han parecer
o de sempre.
Así de preto
o soño
de vivir;
ser feliz,
na casa,
na familia,
onde poda.

Poema:

Mais que brilhar
o sol
no horizonte de Logo:
mirar e escombrarse,
sen pestanexar,
sen miramentos,
pasado o tempo,
as horas,
os minutos,
os segundos
han ser
menos importantes.

Así de axine
as ganas
de revivir:
cambiar todo, e nada
na case,
na escola,
onde crece.

Tania Centán Cabana

1º BAC

NEREN TOUTÓN

Semellante a cantar
unha canción
na festa do barrio:
oir e empesar,
seu preocupacións,
seu débidas,
chegar e disfrutar,
a noite,
os compañeiros,
os amigos
han ser
o máis importante.

Pouco a pouco
as gaudas
de bincas:
bañar acompañado,
no campo
na discoteca
onde cadre.

OS ESTRAGOS DAS DROGAS E DA VELOCIDADE.

Nu rapaz mandobriense mare na estrada de Abadín, mentres regresaba dunha discoteca o sábado, ás sete da mañá. As altas doses de alcohol e a mestura de diferentes substancias provocaron a perda do control ao volante.

A presenza de estupefacientes nas discotecas galegas estase a incrementar rapidamente. Galicia, que presuro durante tempo de quedarse atascada tamén neste sentido, supera agora a moitas outras comunidades. Isto foi negado polo presidente da Xunta tras as últimas enquisas, pero os feitos demostran o contrario.

Áxel F.G., do 19 anos e residente en Burela, regresaba xunto a uns amigos dunha discoteca situada nunha vila próxima.

Na autopsia realizábase descubriuse que a dose de alcohol, coa que conducía, superaba catro veces o límite permitido, pero, nunha segunda revisión supose que o rapaz consumira alcoholixens, e que foron estes os que provocaron o accidente, ao impedir que Áxel se concentrase na velocidade.

Os seus dous acompañantes, ambos menores de idade, recuperáronse no hospital da Costa e, segundo o parte médico, serán dados de alta nos próximos días.

Áxel será enterrado cualitá, ás catro e media da súa vila natal.


SARA FRANCO FERNÁNDEZ

Accidente mortal na A-4 ó seu paso por Lourenzá.

Un rapaz de dezaoito anos perdeu a vida o saíuse o seu vehículo da estrada na autopista A-4. As primeiras investigacións culpau o exceso de velocidade.

O pasado 28 de Marzo produciuse un novo accidente mortal na autopista A-4. Este produciuse a altura do municipio mariñau de Lourenzá.

O tramo que pasa por aí é moi conecido polas súas lompas rectas seu control de velocidade e pouco tráfico.

O falecido M.B.G. de 19 anos natural de San Cosme de Barreiros, conducía un BMW M3 de gran cilindrada.

O accidente produciuse a madrugada do Venres caudo o falecido regresaba para a casa despois dunha noite de festo.

A Garda Civil de Tráfico supón como principal causa ó exceso de velocidade, xa que neste mesmo lugar se produciron anteriores accidentes debido a esta causa. Tras realizar a autopsia o falecido atopouse gran cantidade de substancias estupefacientes no sangue, polo que as causas do accidente son varias.

Roi Rodríguez

Unha nova vítima da imprudencia xoveil

As autoridades wíndoniesas seguen buscando información sobre a da de accidentes relacionados coas carreiras ilegais que desde hai dous meses asolan Mondoñedo.

LUGO | Contando coa información que nos puido ofrecer a policía local de Mondoñedo, están moi preocupados porque desde hai dous meses lévase sucedendo unha serie de accidentes que non fan outra cousa que cobrarse vítimas.

Estes accidentes están relacionados con carreiras ilegais. A última vítima destas carreiras foi M.G.F, un rapaz de Burela que tiña 19 anos. O accidente ocorreu a carón da unha da wadruga da na N-654 á altura do restaurante A Voltiña.

M.G.F conducía un Seat León Fr, que posúe un motor de 16 válvulas e wais de douscentos cabalos.

O coche saíuse da estrada e rewrato empotrado contra o quitawedas.

O rapaz ficou morto no womeuto.

A policía agora está a búsqueda de outro coche, un Ford Focus st

O propietario responde as iniciais M.G.F. Un rapaz propio de Mondoñedo que era o outro integrante da carreira.

Atopado morto un rapaz en pleno centro de Santiago

A autopsia revelou que o rapaz morreu debido a un ataque cardíaco provocado pola ingestión desmesurada de estupefacientes.

Redacción, MONDOÑEDO.

O pasado día doce de maio, as nove e media da mañá, a policía recibiu un aviso de que acababan de atopar un rapaz tirado nas escaleiras da praça de Pratexiras, unha das máis concurridas de Santiago. Transladáronse inmediatamente ao lugar, onde o rapaz xa estaba sendo levado ao hospital, onde morreu ao cabo de poucas horas.

As testemuñas informaron á policía de que a noite anterior un grupo de estudantes celebraban unha especie de festa unhas rúas máis afluente e que posteriormente se moveran cara Pratexiras.

A autopsia revelou que R.T.A., de dezaseis anos, morreu dun ataque ao corazón. As análises demostraron que R.T.A. ingerira medio gramo de "Euforica", unha coñecida droga de deseno da que a policía está a recadar información, e que isto provocara o ataque.

O corpo foi levado ata Oleiros, de onde era natural. Alí celebráronse unhas exequias íntimas, xa que a familia o quixo así, debido as circunstancias da súa morte.

A policía está a investigar a na morte de R.T.A. houbo algún implicado, así como a razón pola que ningún lle prestou axuda, algo que houbera evitado a súa morte.

VERÓNICA GRANDIO MOIRÓN 1ºBAC

Morre un rapaz ao saírse da estrada por mor da velocidade á que ía.

Tras coñecer os resultados da autopsia sabose que o coche no que ía un rapaz ourensán o pasado xoves se saíu da estrada por causa da velocidade, ía a 140 km/h nunha curva.

Redacción, MOUTONDESO

Segundo a información recibida o falecido é un rapaz de deznoventa anos, coas iniciais X.L.M., propio da comarca de Valdeorras, en Ourense. Este individuo xa tiña moitas de tráfico por non respetar as normas de velocidade, superar a taxa de alcoholemia, etc.

O coche sinistrado era un Golf, con douscentos cabalos, de dezaseis volú e a gasolina. Polos restos de freada na estrada parece ser que cando o rapaz viu a curva ía a 140 km/h. Isto provocou que se botara da estrada e colisionara contra un dos bacheiros da estrada.

Esta tarde foi levado ao tanatorio da súa localidade, onde o está esperando a súa familia para enterralo. Mañá ás catro e media da tarde será enterrado na súa vila natal.

A familia e os amigos ao falar con eles fan moito fincapé en que os rapaces se dean conta de que os coches non son un xogo e que porque teñan un grao de euforia no sangue non poidan pensar que son invencibles ao volante, xa que as cifras de mortos na estrada o corroboran.

Xornal de Moutondeo

Celsa R.I era unha muller de corenta e cinco anos, que tiña como profesión ser pescanteira. Era viúva, e vivía nunha aldea onde habitaban nenas e vellos, unha aldea sola, illada e medrante.

Unha noite Celsa R.I, aforsouse, pendouse dunha uga.

Cando era nena, seu pai marreiro contáballe historias sobre unha onda roxa no mar, na que estaba sentado un anxo. Tamén lle falaba dunha estadea azul que se atopaba nas rochas e que enfeitizaba os marreiros. O pai de Celsa R.I aforsouse, e nona levou ningún anxo da terra, nen a enfeitizou ningunha estadea azul, como contaba seu pai.

Pero en fin, a quen lle ía importar Celsa nunha terra maldita, de xente emigrada e apremada dende lonxe polos burócratas.

Agosto 2000

Celsa viviu a súa infancia a carón do mar. Naquela época, a do franquismo, non se podía falar de moitos temas polo que ela lembraba como seu pai lle falaba de encantamentos cando era pequena. Algunhas das historias dicían que unha onda roxa tiña un anxo sentado enriba ou que a estaba azul, cun pano branco enfeitizaba aos mariñeiros, sentada sempre na mesma rocha.

Pero a situación neses momentos non era fácil e a meirande parte dos habitantes da aldea na que vivía emigraron deixando as poucas casas habitadas que quedaron illadas unhas das outras.

Celsa comezou a traballar de pescantina moi nova. Casou cun mariñeiro que, ao pouco tempo afogou ao naufragar o barco onde traballaba. Dende ese momento vivía sola, na mesma aldea na que se criara e vivira toda a súa vida pero que agora, lle metía medo.

Íase facendo vella polo desgaste que lle provocaba a dureza soportada ao longo de tantos anos do seu traballo. Cansada de loitar tras tantos anos, coa idade de coarenta e cinco anos aforcouse ao pendurarse nunha viga do alpendre da súa casa.



Sara Franco-Ferreira

Alba Coira Cabanela

Un tres de xullo de 1974 unha muller chamada Celsa Ribas Irmiá cuxa profesión era pescantiña, con ta só corenta cinco anos considerábase que xa era vella.

A señora Celsa estaba viúda dende había tres meses.

Ela sempre recordaba as obscuras noites nas que o mar brucaba con gran intensidade e seu pai, que era marneiro contáballe a historia dunha onda roxa, con anxo sentado enriba que a ela a fascinaba.

O pai de Celsa sempre lle falaba de historias do mar de encantamentos pero nunca lle falaba da súa vida.

A historia que recordaba Celsa con gran cariño era a historia da estaldea loe que con pano branco perpetuamente ergueito na mesma cocha de sempre e que enfeitaba aos marneiros esta que os facía tolear.

O seu home tenía unha actitude parecida a do seu pai tampouco nunca lle falara da súa vida antes de coñecérense. El creía que non se tiña que falar nada de vida con marneiro.

Iste era o recordo máis sombrío que tiña Celsa do seu home que morrera alegado que naufragara nun barco de pesca.

Celsa encontrábase nunha profunda depresión dende a morte do seu home. Celsa no único que pensaba e que ela toda a vida vivía nunha aldea de vellos e nenas, vivía illada de todos os veciños, nun alpendre situado cerca do mar. Sentíase soa e medorenta.

Ningún falaba dela porque non coñecían nada dela, nada que imcrubise a ela non lle impartaba a ningún. Celsa Ribas Irmiá era unha auténtica desconexada isto era o que ela pensaba.

Celsa consideraba que a súa aldea era unha terra maldita, de xentes emigradas fillada polos osureiros e probablemente apremada dende lonxe polos burocratas.

Celsa encontrábase nun gran poro sin fondo pasolle toda a vida por diante dos seus ollos.

Nunha noite negra, na que o mar brucaba Celsa aforcouse pero non a levou ningún anxo da terra nin a enfeitou ningunha estaldea arol ela decidira acabar coa súa vida xa que para ela non tiña sentido.

Naquela noite o vento batía a porta aberta do alpendre de Celsa e abanaba pasenadamente o seu corpo e as uigas renxían como se fosen caer.

Pláide nunca máis se dobeo acostar desta muller pescantiña, traballadora con peirao.

→ MARTA ROUXO DNELO ←

(24-03-10)

1º Bac


4. Converte en texto narrativo o poema:

Celsa era unha muller viúda que traballaba como pescante no mar.

O seu pai era marxeiro igual co marido que morreu a fogado cando naufragou nun barco de pesca. Ámbolos dous perciban que a vida do marxeiro non interesaba a ningún, polo que ningún deles falaba nin moito nin pouco dela. Celsa vivía illada nunha aldea onde a maioría da xente que habitaba alí eran emigrantes.

Áo ser a maioría da poboación xente de fóra, Celsa non falaba con ningún e cerrouse en si mesma.

Esta noite escura de xullo do 74, estaba o mar revoltado e o vento batía a porta e facía renxer a viga onde Celsa estaba pendurada ... pola vida triste e soitaria que tivera, Celsa decidira aforsarse.

 = 70

Marta Rouxo Dnelo



CELSA R. I. AFORCOUSE EN XULIO DO 74

A noite era escura. O mar bruxaba embravecido. Na casa dos cantís, o vento movía a porta aberta do alpendre. E, dentro del, o corpo sen vida de Celsa abaneábase pasivamente, pendurado dunha uiga.

A vida xa non era tal para ela. Non dende a morte do seu marido, afogado durante o naufraxo do barco no que traballaba. Tomara unha decisión. Tiña corenta e cinco anos, non cumpriría corenta e seis.

Celsa, pescantina do peirao, vivía illada e soa na casa dos cantís. Ninguén a botaría de menos naquela terra desolada do mar de Deus.

Un dos primeiros que atoparon o corpo pendurado de Celsa descubriu sobre a mesa da coziña, orientado cara o mar, unha foto. Os mozos vellos do lugar recoñeceu o pai da muller. A alguén se lle ocorreu pensar que tal vez, antes de morrer, Celsa recordara as historias sobre o anxo que viaxaba sobre unha onda roxa do mar ou da estalada azul que enfeitizaba aos mariñeiros que contaba seu pai. Fermas as historias dun mariñeiro que, coma moitos outros, ocultaba a súa vida tras tantas inventadas ou, tal vez, non tanto.

Agora Celsa é unha sombra do pasado, coma moitos outros como ela. Agora tan só é o recordo dunha muller que, enferma de soledade, encontrara o remedio para o seu mal nunha uiga dun alpendre, durante unha escura noite de trabala.

DISCO

Igual que bailar
na disco
na praça ou na súa
beber unha copa,
sen pensar,
sen respirar
matar as penas,
vivir as alegrías
conoces xente,
facer amigos
facer o que non
te atrevice nunca.
Rirte por todo.
Rirte por nada.
Chegar a casa
bulir escaleiras
arriba e
pra cama.

Vólvese a falar do terrible accidente acontecido
na Jae dos días na estrada de Villalba.

O accidente teve lugar a primeira hora da mañá
cando aínda estaba por saír o sol.

Pablo, con dezanaire anos cumpridos ese mesmo día, voltaba
a casa despois dunha longa noite de festa, mentres
conducía un deportivo de cor vermella con 200 cabalos de
potencia. Afirmase que o rapaz dobraba a velocidade
permitida nesa estrada.

Varios vehículos que circulaban pola zona intentaron auxiliá-lo
cando teve lugar o accidente, pero Pablo morreu de camiño
o hospital.

Segundo resultados da autopsia, o rapaz presentaba
lortes magulladuras e fracturas por causa do golpe do
accidente, mais hoxe revelaron que o rapaz conducía
baixo os efectos do alcohol e tina altos niveis de
sustancias ilegais no sangue. O médico afirmou que a
verdadeira causa da morte foi unha sobredosis.

O rapaz foi trasladado ó cemiterio da súa cidade
natal, onde o alcalde esixiu tres días de luto en memoria
do rapaz.

Raquel Cabado.

Tania Cerdán Cobano

1º BAC

Velocidade e drogas, unha mala combinación.

Un rapaz coruñés morre na nacional A-759 como consecuencia dos excesos cometidos esa noite. Ao parecer unha mala combinación de drogas e alcohol provocaron que se desvistara. Isto fixo que perdese totalmente o control do coche, colisionando así cunha casa situada na beira da estrada.

Segundo as informacións recollidas, Kevin López un rapaz de tan só dezaoite anos, morreu a madrugada do sábado pasado na nacional A-759. Ao parecer regresaba dunha discoteca e a ^{mala} combinación de alcohol e drogas provocou o seu desquite. Xa que segundo os informes do forense presentaba no seu sangue demasiada cantidade de ambas as dúas substancias.

A velocidade tamén foi un factor que contribuíu a súa morte, xa que ía a 200km nunha estrada permitida a 120km. Isto fixo imposible que reducida a velocidade antes de colisionar cunha casa situada na beira de nacional.

Unha vez máis, Galicia perde un rapaz a cause das drogas, a velocidade e a irresponsabilidade. O alcalde de Coruña decretou un día de luto pola perda do rapaz.

Aínda hoxe Kevin López será enterrado co cariño de todos os seus familiares e amigos.